

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN

CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA

PREÁMBULO

O sector alimentario é un dos sectores estratéxicos en Galicia tanto pola súa dimensión, como pola súa transcendencia económica e social na nosa comunidade.

Neste ámbito comeza a súa andaina o Clúster Alimentario de Galicia, coa pretensión de artellar unha estrutura organizada, no sector alimentario, en senso amplo, integrando as empresas, así como entidades de investigación e desenvolvemento e outros axentes públicos ou privados, integrados en procesos de cooperación que lles permitan obter beneficios derivados da aplicación de accións e proxectos innovadores e acadar unha masa crítica tal que para fortalecer a competitividade internacional e a visibilidade do sector. Con este obxecto o Clúster definirá un Plano Estratéxico, que incluírá a definición da visión do sector e dun programa de traballo para desenvolver o potencial do sector mediante un esforzo innovador.

A finalidade é acadar os obxectivos europeos de crecemento, sustentabilidade e competitividade que dependen da innovación, da transferencia tecnolóxica e da investigación, dende a mellora na produción alimentaria, e a obtención de produtos de calidade, seguros e saudables.

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

1. Ao amparo do dereito recoñecido no artigo 22.1 da Constitución Española de 1978, constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación “ASOCIACIÓN CLÚSTER ALIMENTARIO DE GALICIA”.

2. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución Española e o resto do ordenamento xurídico.



Artigo 2. Réxime xurídico

1. A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

2. Asemade, tamén se rexerá polas disposicións que sexan aplicables da Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e polo R.D. 1270/2003, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e demais normativa que sexa de aplicación.

Artigo 3. Domicilio social

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Santiago de Compostela, Edificio FEUGA, Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, Campus Vida C.P. 15705. Teléfono 981556062.

A xunta directiva poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, na forma prevista na lexislación vixente. Asemade, do mesmo xeito, poderanse crear delegacións e establecementos secundarios da Fundación en calquera lugar da Comunidade Autónoma de Galicia sempre que contribúan ao adecuado cumprimento dos fins da asociación.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Sen prexuízo das actuacións que para o cumprimento do obxecto fundacional sexan realizadas fóra desta Comunidade, especialmente as relacións de colaboración con axentes do resto do estado español e do estranxeiro.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 6. Obxecto e finalidades

1.- O obxecto da Asociación consistirá en contribuír ao fortalecemento, potenciación, crecemento sustentable e mellora da competitividade e da internacionalización do sector alimentario, en xeral, de Galicia, como un dos sectores estratéxicos máis importantes do país. Este obxecto desenvolverase mediante a promoción da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, así como da mercadotecnia.



2.- Asemade, outros fins principais e accións da asociación, en todo caso relacionados co sector alimentario e da súa cadea de valor en Galicia, serán:

- a) O fomento de colaboracións académicas, científicas e tecnolóxicas das empresas con universidades, outros centros tecnolóxicos e centros de investigación.
- b) A elaboración de estudos socioeconómicos e plans estratéxicos de actuación.
- c) A produción, promoción e divulgación do coñecemento, en particular a promoción na sociedade de hábitos de alimentación saudable.
- d) A formación de persoal técnico e científico experto.
- e) Accións de promoción e estudos de mercadotecnia.
- f) O desenvolvemento de proxectos de transferencia, desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- g) A prestación de servizos técnicos avanzados.
- h) A organización de encontros e reunións técnicas e científico-tecnolóxicas.
- i) O establecemento de colaboracións e outros mecanismos de cooperación, na forma que legalmente proceda, coas Administracións Públicas e o sector privado nas materias propias da súa actividade.
- j) Calquera outra finalidade que a Xunta Directiva considere de interese para os asociados.

Para o logro efectivo dos fins enumerados no artigo anterior, a Asociación levará a cabo, as seguintes actividades:

- a) Realización de proxectos de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, e servizos técnicos financiados con fondos propios, privados ou públicos.
- b) Promoción e execución de informes e estudos técnicos, sociais, económicos e de mercado.
- c) Colaboración coa administración en temas relacionados cos produtos alimentarios.
- d) Fomento dos produtos alimentarios galegos a través de campañas informativas e publicacións.
- e) Difusión da investigación a través de cursos, seminarios, xornadas e de publicacións.
- f) Desenvolvemento e realización de actividades, útiles e contidos formativos.
- g) Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere de interese para a consecución do obxecto fundacional.

Artigo 7. Liberdade de actuación

A Xunta Directiva terá plena liberdade para determinar as actividades da Asociación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.



Artigo 8. Destino das rendas e ingresos

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 9. Requisitos dos Asociados

Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar e as persoas xurídicas, tralo acordo do seu órgano competente, e que reúnan os seguintes requisitos:

A. Das empresas

- a) Ser autónomo ou empresa ou agrupación de empresas de carácter privado con personalidade xurídica validamente constituída.
- b) que teña o seu domicilio social ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma Galega e o seu ámbito de actividade total ou parcialmente relacionada coa cadea de valor dos alimentos ou considerada de interese para o sector alimentario de Galicia.

B. Doutras entidades

- a) Ser una institución, unha entidade ou un organismo, validamente constituído, calquera que sexa a súa forma xurídica.
- b) que desenvolvan algunha actividade académica, investigadora, económica ou social, total ou parcialmente relacionada ou considerada de interese para o sector alimentario de Galicia.

No caso de asociados honorarios e colaboradores e con carácter excepcional, por resolución da Xunta Directiva, ratificada pola Asemblea, poderase eximir o cumprimento dalgún destes requisitos.

Artigo 10. Admisión dos asociados

As solicitudes da admisión dirixidas a presidencia da Asociación presentaranse vía escrita, segundo o modelo normalizado, e acompañada da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos de admisión.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán, ademais, o acordo expreso do seu órgano competente e as de natureza institucional o acordo do seu órgano reitor,



expresando a vontade de integración e a designación dunha persoa física que o represente e acreditación da súa identidade.

Os acordos motivados de admisión ou inadmisión de asociados tomaraos a Xunta Directiva, comunicándollo ao solicitante por escrito ou correo electrónico.

Artigo 11. Clases de asociados

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ordinarios:

- a) Fundadores, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b) Numerarios, aquelas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.

Asemade poderán distinguirse coma asociados honorarios a aquelas persoas físicas ou xurídicas que pola súa especial achega aos fins da Asociación merezan este cualificativo. **Ademais de asociados colaboradores a aquelas persoas xurídicas, con especial interese para os fins da Asociación, que realicen actividades en colaboración coa Asociación.** En ámbolos casos deberán ser así designados por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asemblea.

Artigo 12. Perda da condición de asociado

1. A condición de asociado pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por incumprimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente ós intereses da Asociación, previo expediente disciplinario, con audiencia do interesado.
- c) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 13. Dereitos

Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
2. Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, so seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.



3. Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

4. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.

Os asociados e asociadas honorarios e os asociados e asociadas colaboradores non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación dela. Os asociados e asociadas honorarios e colaboradores están facultados para asistir ás asembleas xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 14. Obrigas

Son obrigas dos asociados e asociadas:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. De ser o caso, cumprir o pagamento das cotas que se establezan.
3. De ser o caso, desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 15. Os órganos da asociación

A dirección e administración da asociación serán exercidas pola Presidencia, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Asemade defínense órganos temporais de carácter técnico para o asesoramento ou desenvolvemento de actividades específicas de índole científico-tecnolóxico, cuxa constitución será aprobada *ex profeso* pola Xunta Directiva para unha finalidade concreta. Estes poderán encadrarse en tres categorías: comisións, grupos consultivos e grupos de traballo.

Artigo 16. A presidencia

1. A presidencia da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará 1 ano. Será asistida nas súas funcións pola vicepresidencia, que a substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.



2. A presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa secretaría ou persoa membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 17. A Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva estará formada polo presidencia da asociación, a vicepresidencia, a secretaría, tesourería e ata un número máximo de dezaseis vocais.

Por razóns de eficiencia os cargos de secretaría e tesourería poderán recaer na mesma persoa, se así o decide a Xunta Directiva.

2. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados polos gastos debidamente xustificadas en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3. A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de 1 ano, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4. Os cargos cesarán na súa función por:

- a) falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- b) renuncia voluntaria.
- c) transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- d) acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por dous terzos dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidencia, vicepresidencia, secretaría e tesourería.



Artigo 18. Atribucións da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
5. Proporlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Propoñer o plano de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

En todo caso, a Xunta Directiva deberá axustar a súa actuación ao preceptuado na lexislación vixente de xeral aplicación.

Artigo 19. Reunións da Xunta Directiva

1.- A Xunta Directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2.- Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, da presidencia ou vicepresidencia e o secretario ou persoa que a substitúa.

A secretaria ou, no seu defecto, o vocal que a substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

O cargo de membro da Xunta Directiva deberá exercerse persoalmente. No entanto, nas reunións da mesma cada membro poderá conferir a representación a calquera dos restantes membros do órgano de goberno, en comunicación escrita dirixida a presidencia con carácter especial para cada reunión.

A Xunta Directiva poderá, cando estime oportuno, invitar a asistir as sesións, a outras persoas que actúen como asesores con voz pero sen voto.



Artigo 20. Comisións

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta das súas respectivas presidenciais.

Artigo 21. Grupos consultivos

Os grupos consultivos serán órganos temporais configurados coma paneis de expertos para o estudo e análise de temas específicos dentro das áreas de coñecemento propias de interese do sector alimentario.

Estes constituiranse para o asesoramento na definición e revisión das liñas prioritarias de actuación da Asociación e para o análise dos diferentes temas de interese que sexan propostos pola Xunta Directiva.

Artigo 22. Grupos de traballo

Os grupos teñen como misión realizar tarefas que faciliten a consecución dos obxectivos da Asociación e, polo tanto, aporten valor a todos os seus membros e preferentemente estarán promovidos pola Xunta Directiva, se ben poderán constituírse por solicitude dalgún dos asociados tras a aprobación da Xunta Directiva.

Estes servirán de marco de cooperación para a definición de consorcios para desenvolver proxectos innovadores.

A Xunta Directiva aprobará a creación do grupo de traballo e asignará un vogal para o seguimento do mesmo. A Xunta Directiva ten a obriga de manter a confidencialidade das actividades do grupo que así o requiran.

Artigo 23. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódolos integrantes desta. A presidencia e a secretaría da asemblea serán a presidencia e a secretaría da Xunta Directiva.

Artigo 24. Reunións e Convocatorias da Asemblea

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á presidencia, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.



Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia da Xunta Directiva. As notificacións das convocatorias faranse por correo electrónico ao enderezo de contacto dos asociados.

Artigo 25. Competencias da Asemblea

Serán competencias xenéricas da Asemblea Xeral:

1. Modificar os estatutos da asociación.
2. Elixir e cesar os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.
4. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas á proposta da Xunta Directiva.
5. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
6. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.

Serán competencias específicas da Asemblea Xeral Ordinaria:

7. Aprobar o plano de actividades.
8. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
9. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
10. Exame e aprobación das cotas.

Serán competencias específicas da Asemblea Xeral Extraordinaria:

11. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
12. Acordar a fusión da asociación con outra/s asociación/s.
13. Acordar a disolución da asociación.
14. Designar aos liquidadores.
15. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
16. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 26. Quórum de asistencia, deliberación e adopción de acordos da Asemblea

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza da presidencia ou vicepresidencia e a secretaría ou persoa que o substitúa.

As sesións abranse cando así o determine a presidencia. Seguidamente procederáse por parte da secretaría á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.



Posteriormente, a secretaría procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos ós apartados do 1, 2, 4, 11, 12, 13, 14 do artigo 25, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao a presidencia e secretaría da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso aos non asistentes.

Artigo 27. Recurso dos acordos

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos ante da Asemblea Xeral sen perxuízo de presentar o correspondente recurso ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 28. A secretaría

1. A secretaría recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e praxe de presidencia. A secretaría tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da secretaria, a presidencia designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.

Artigo 29. A tesourería

1. A tesourería recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.

2. A tesourería ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.



Artigo 30. Os vocais

Os vocais terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV DA XERENCIA

Artigo 31. A Xerencia

A Asemblea, a proposta da presidencia, aprobada pola xunta directiva, designará á Xerencia da Asociación que será a persoa encargada da dirección administrativa - financeira e a xestión diaria da asociación. O cargo de Xerencia será profesional, remunerado e incompatible co de membro da Xunta Directiva.

Ademais será a persoa encargada da dirección técnica e diaria de todos os servizos e actividades da Asociación, do control dos mesmos, da adecuación destes aos fins asociativos e do impulso, en xeral, da asociación.

A Xerencia dispón de voz, pero non de voto, nas xuntanzas tanto da Xunta Directiva como da Asemblea e nas diversas Comisións.

Artigo 32. Responsabilidades

A súa responsabilidade na dirección administrativa - financeira levaralle a executar os acordos da Xunta Directiva e a actuar conforme a criterios de eficiencia e profesionalidade. Baixo a súa dependencia xerárquica ordénase o persoal, sendo responsable da organización do traballo e do réxime disciplinario do mesmo.

A Xerencia propondrá a Presidencia a contratación de colaboradores que sempre deberá ser autorizada pola Presidencia. A súa responsabilidade nesta materia levaralle a dirixir, controlar e ordenar os traballos dos empregados nos servizos da Asociación.

Proporá á Presidencia e no seu caso á Xunta Directiva os asuntos e operacións que dentro da finalidade da asociación sexan beneficiosas para a mesma e realizar aquelas xestións que non realice directamente a Presidencia ou a Tesourería ante toda clase de organismos, entidades, autoridades e persoas físicas ou xurídicas para o mellor cumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.



Artigo 33. Obrigas

Sen prexuízo das misións que, en cada caso, lle encoméndelle a Xunta Directiva, a Xerencia terá, as seguintes obrigas:

- a) Preparar os proxectos de plans de actuación e de orzamentos de ingresos e gastos e calquera outra información económica da Asociación.
- b) A xestión diaria económica e administrativa da Asociación.
- c) Preparar, impulsar, coordinar, dirixir e avaliar os diferentes servizos asociativos
- d) Reportar periodicamente, polo menos, en cada reunión da Xunta Directiva á que sexa convidado, sobre o cumprimento das funcións e responsabilidades anteriormente enunciadas, sobre o desenvolvemento ordinario da vida asociativa, sobre a situación das súas diferentes actividades.
- e) Transmitir aos empregados nos servizos da Asociación as instrucións da Xunta Directiva e Comisións, servindo de elemento de cohesión e coordinación entre os dous.
- f) Participar naquelas Comisións que a Xunta Directiva determine, cuxos obxectivos se vinculen máis coas súas funcións e responsabilidades.
- g) Atender as Asembleas Xerais da Asociación, respondendo a cantas preguntas e iniciativas preséntenlle os asistentes nas áreas da súa competencia.
- h) Gardar confidencialidade sobre os asuntos que teñan carácter reservado tratados nas reunións da Xunta Directiva.

Artigo 34. Atribucións

A Xerencia disporá do poder de representación da Asociación ante toda clase de organismos, entidades, autoridades e persoas físicas ou xurídicas, coa facultade de solicitar subvencións públicas, completar trámites administrativos e a contratar persoal para o mellor cumprimento dos acordos adoptados polos órganos de goberno da Asociación.

A Xerencia terá as seguintes atribucións específicas:

- a) Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado, en particular na solicitude de subvencións.
- b) A xestión do Clúster, así como todas aquelas tarefas que lle encomende a Presidencia e/ou a Xunta Directiva, asumindo todas aquelas facultades que consideren oportuno delegarlle.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar os informes e outros documentos da asociación que lle corresponda segundo o documento de que se trate.
- f) Outras, coma aquelas facultades que non estean reservadas nestes Estatutos ou no Regulamento de Réxime Interno, á Asemblea Xeral, á Xunta Directiva ou á Presidencia.



CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 35. Patrimonio da Asociación

A asociación no momento de iniciar as súas actividades non dispón de patrimonio.

Artigo 36. Orzamento

A asociación funcionará en réxime de orzamento anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de orzamento será elaborado pola tesourería da asociación, que deberá telo preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 37. Medios de financiamento

A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas ou extraordinarias dos asociados que poidan propor a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola asemblea.
2. As doazóns ou subvencións que poidan conceder organismos públicos ou entidades privadas.
3. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades e servizos da asociación.
4. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 38. Cotas dos asociados

A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.



Artigo 39. Contas anuais

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos asociados, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 40. Disposición de fondos

Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta de presidencia e de tesourería.

Artigo 41. Destino dos recursos

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os asociados os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO VI DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 42. O regulamento de réxime interno

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento e xurisdiccional civil.



CAPÍTULO VII

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 43. Modificación dos estatutos

Os ditos estatutos poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral, adoptado polas dúas terceiras partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 44. Fusión con outras asociacións

A Asociación poderá acordar a fusión desta con outra ou outras asociacións, que resulte/n conveniente/s para os intereses da mesma e cumprindo os demais requisitos esixidos pola lexislación vixente. A nova asociación resultante será posteriormente inscrita no correspondente Rexistro de Asociacións.

O acordo de fusión deberá ser aprobado co voto favorable de, polo menos, dúas terceiras partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 45. Disolución da asociación

A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas dúas terceiras partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 46. Liquidación e adxudicación dos bens da Asociación

Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados liquidadores, que xunto a presidencia e a tesourería, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación. O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

Dilixencia para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme ás modificacións aprobadas na Asemblea xeral ordinaria celebrada en data 30 de xuño de 2021 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

A Secretaría

V.B. A Presidencia

D. Roberto Carlos Alonso Baptista de Sousa D. Juan José de la Cerda López Baspino

